

ROUCCO SON

Falamos de rock en galego

Número 31- Xullo 2023

Publicación gratuíta
Colle unha!

THE MIRROR
AUTOPIA
SUSO VALCÁRCEL

MUNDO PRESTIGIO
DIOIVO
DESVIRGHEITORS

PAKOLAS
LAURA ROMERO
KELTOI

LAMATUMBÁ
GRANDE AMORE
COOL NENAS



Fotos: David Figueroa



Autopía conquista
ao público vigués
xunto a Suso
Valcárcel e
The Mirror

Así encheron Autopía e The Mirror a Sala Master de Vigo

Fotos de David Figueroa



Foi a primeira vez que tocaron en Vigo, pero tendo en conta que falamos dunha banda radicada en Ponferrada, a capital do Bierzo e ubicada na fronteira coa parte galegofalante desta comarca, e que contou neste concerto co destacado baterista vigués Suso Valcárcel ás baquetas, podemos dicir con seguridade que Autopía ten credenciais suficientes para ser considerada unha banda galega máis. A acollida que recibiron, dende logo, foi como a dunha banda querida que toca en casa, xa que o concerto encabezado pola banda encheu a mítica Sala Master de Vigo, ficando preto do ansiado sold out nun día en que contaban con competencia de infinidade de concertos na zona. Máis, incluso, do que é xa de por si habitual en Vigo. Entre eles, nada máis e nada menos que o dos internacionalmente lendarios Jethro Tull no Auditorio Mar de Vigo.

De feito, xa lle gustaría a meirande parte de bandas viguesas meter tanta xente na Sala Master como fixo Autopía neste concerto. Porén, como xa dixemos, isto ten truco, pois detrás da batería estivo un músico vigués con máis de dúas décadas de traxectoria, Suso Valcárcel. Hai que ter en conta, ademais, que Suso levaba un bo tempo centrado noutras cousas dentro da música, como en dar clases ou en exercer como músico de sesión (tedes máis info sobre todos os proxectos de Suso na entrevista que lle fixemos hai uns meses e que tedes na nosa web), e levaba xa un bo tempo sen tocar en Vigo. Así que o que tecnicamente era unha estreia, a de Autopía tocando por primeira vez en Vigo, sentíase máis como un reencontro, unha reunión, unha ansiada volta aos escenarios.

Pero antes de falar máis a fondo do concerto que Autopía e Suso deron na Master, resulta obrigado falar do gran concerto introductorio que deu antes The Mirror para abrir boca no evento. Esta banda toca normalmente como quinteto, practicando un rock e un R&B, nas súas propias palabras, “revivalistas sententeros”. Porén, nesta ocasión de-

ron un concerto como dúo acústico, contando unicamente coa cantante e cun guitarrista, que ocasionalmente facían tamén labores de percusión e de coros respectivamente.

A pesar de que xusto viñan de dar outro coconcerto esa mesma tarde, The Mirror deuno todo, derrochando potencia dentro dos límites que permite un acústico. O dúo interpretou unha mestura de temas propios, que podemos escoitar no seu álbum homónimo de 2020, e clásicos do seu estilo, tanto en inglés como en castelán. Déronno todo, amosando unha gran química no escenario e sorprendendo especialmente coas súas impecables armonías vocais. Mantiveron en todo momento unha grande interacción co público, e despedíronse coa súa versión de “Proud Mary” ao mais puro estilo de Tina Turner, que no seu momento tonara a canción de Creedence Clearwater Revival.


Logo do espectáculo acústico de The Mirror, era xa a quenda de Autopía. A fanfarria introductoria de Also Sprach Zarathustra de Richard Strauss, famosa polo seu uso en 2001: Unha odisea do espazo, foi a encargada, xunto aos entusiastas aplausos dos asistentes, de acompañar a subida dos músicos ao escenario e de dar comezo ao seu concerto. A esta introdución seguiu un dos últimos sinxelos da banda, a nostálgica “Los putos amos”.

Autopía inscíbese dentro da corrente estatal do rock urbano, un termo paraugas que se ten empregado para aglutinar a bandas de diferentes estilos e épocas dende Leño, Los Suaves ou Reincidentes ata Extremoduro, Platero y tu e La Fuga. En particular, os de Ponferrada mesturan cancións próximas ao pop rock con notables influencias do rock duro e do blues. Alén da voz, os grandes protagonistas dos seus temas son os riffs e os solos de guitarra, cos que os dous guitarristas da banda ían intercambiándose o protagonismo ao longo do concerto.

A pesar de ter sido, como dici-



Autopía



Suso Valcárcel



The Mirror

mos, o primeiro concerto da banda na cidade, gran parte dos asistentes sabíanse as letras dos seus pegadizos e asequibles temas á perfección. Todos os músicos da banda tiveron os seus lomentos para brillar e foron profusamente vitoreados, en particular, como non, o local Suso. De feito, a audiencia pediu insistentemente a todos os músicos que interpretasen solos. Isto chegou converterse nunha broma recorrente ao longo de todo o concerto, no que se chegaron a pedir solos ao técnico de son e ao técnico de luces. A xente estaba moi entrega, especialmente nas primeiras filas, onde non pararon de saltar e bailar durante toda a velada.

Un dos múltiples detalles que distinguiron o concerto dun recital habitual de banda de rock esta-

tal foi a presenza aquí e acolá de partes rápidas e cañeiras que sacaron o lado máis metaleiro da banda e dos asistentes, traendo máis á mente os estilos que xa tiñamos visto a Suso tocar en bandas como The Mirage ou Nocheni. Entre as cancións máis destacadas que sonaron ao longo da noite e que máis fixeron vibrar ao público poderíamos destacar “Penélope y la lluvia”, “El individuo”, “Moscas” ou a rápida “Wendy”.

Non faltaron tampouco anacos de variadas versións de rock e metal de todo o tipo, xa que para o tramo final do concerto o grupo interpretou un medley de “Riff raff” de AC/DC e “En blanco y negro” de Barricada. E, xa como última canción, a eleixida foi, como non, “Una noche para recordar”.

Un tema a toda velocidade que lles permitiu interpolar as melodías de guitarra de “Aces High” de Iron Maiden, para así poñerlle o broche de ouro a unha verdadeira noite para a lembranza.

Ao longo de toda a noite, o son na Sala Master acompañou ás interpretacións dos músicos sendo tamén impecable. O público despediu a Autopía e a Suso cun estruendoso aplauso, totalmente satisfeito de ter escollido este concerto entre a moza de opcións que se nos presentaron aquel día 27 de maio na zona de Vigo. Agardamos volver ver axiña a Autopía por Vigo, e tamén ver de novo a Suso Valcárcel sobre os escenarios con estes ou nalgún outro proxecto. E, por suposto, tamén a The Mirror, tanto en acústico como ao completo.

Paco Cerdeira, guitarrista de Zënzar, ten un proxecto de «rock and roll en galego para as nenas e nenos, e toda a familia ao completo»

A Ramona Pequena Vai á Lúa, o novo traballo de Pakolas e Laura Romero

Ten que ser a música infantil unha música simple, con escaso contido e profundidade? Rotundamente non. Isto é o que demostra Pakolas, pseudónimo de Paco Cerdeira, tamén guitarrista de Zënzar, co seu «rock and roll en galego para as nenas e nenos, e toda a familia ao completo». O músico ten logrado unha gran acollida con este proxecto de música infantil, creado para ser desfrutado por todos e todas, con «letras axeitadas aos máis cativos e cativas, dende o respecto á infancia na creación de cultura». Así o confirman as decenas e decenas de concertos que ten programados proximamente e que se poden consultar na súa páxina web <https://pakolas.com/>

O músico vén de estrear o seu terceiro traballo en solitario A Ramona Pequena Vai á Lúa, en formato libro-QR e editado por Galaxia. O libro conta con ilustracións de Laura Romero, compañeira súa como baixista de Zënzar e responsable do proxecto Músicas Galegas Ilustradas. As cancións que acompañan o libro están dispoñibles nas diferentes plataformas dixitais, e tamén se pode ver en Youtube o vídeo promocional do tema «Coas mans», gravado o pasado 17 de maio, Día das Letras Galegas, no Miúdo Fest do Centro Social, Cultural e Deportivo As Pedriñas de Tameiga, Mos. O vídeo amosa o estilo metaleiro e hard rockeiro de Pakolas, nun evento que foi ademais o concerto número 666 do músico en solitario.

A súa proposta, 'Pakolas. Rock infantil e familiar en galego', resultou recentemente gañadora dos XIV Premios Rosalía de Castro da Lingua 2023, que convoca a Deputación da Coruña. O xurado escolleu a Pakolas por considerar que «utiliza unha linguaxe universal, a música, para involucrar calquera xeración no uso nor-



malizado da nosa lingua». O informe do xurado tamén indica que «non só utiliza a súa enerxía e entusiasmo sobre o escenario, senón que fai uso doutras vías para divulgar e promocionar a cultura». Agora, o músico, xa sexa en solitario ou acompañado por Laura Romero, continuará a levar o seu espectáculo por festivais, bibliotecas, centros de lectura, feiras do libro, teatros, auditorios e centros sociais, como ten feito de xeito incansable ata o momento.

Paco Cerdeira leva adicándose ao público infantil dende xa fai mais de 16 anos, comezando os seus pasos como membro do grupo de música didáctica infantil en galego Mamá Cabra, no que estivo durante máis de 10 anos. No ano 2014 decide formar a súa propia banda de música infantil, dada a súa longa traxectoria neste eido profesional, e nace así A Gramola Gominola, editando o seu primeiro traballo homónimo en libro-CD en marzo de 2015, tamén por parte da Editorial Galaxia. As cancións deste proxecto musical foron algo totalmente diferente ao visto ata ese momento, tendo como eixe central o rock and roll, explorando e mostrando moitos estilos da música contemporánea ligados ao rock, e sendo á vez unha proposta didáctica para os máis cativos da casa. Este traballo fai un repaso polas orixes e evolución da música, que serve de fío condutor para falar de valores como a amizade, a familia, etc.

No 2017 édítase o segundo traballo da banda, Cancións para Desafinar, tamén con Galaxia, e no ano 2019, o terceiro, Bravas. O rexurdir da Luz. A banda sería recoñecida en 2018 co Premio Martín Códax da Música na categoría de música infantil, despois de ter sido finalista nos



dous anos anteriores. No ano 2015, Paco Cerdeira xa comezara traballar no seu proxecto persoal en solitario, Pakolas, e nace así unha nova proposta como espectáculo individual. Segue traballando así con letras e composicións propias e adentrándose no mundo dos contos. O seu primeiro libro-cd con este proxecto, chamado tamén Pakolas, é editado por Galaxia en novembro de 2017, co respaldo do Colexio Profesional

de Logopedas de Galicia.

En agosto de 2020 sae editado o seu segundo traballo en solitario, Ramona Órbita, A Dona do Tempo. Axiña esgota a súa primeira edición, tan só cinco meses despois da súa estrea. En xaneiro de 2021 sae do prelo a segunda edición, e así ata a cuarta edición en setembro de 2022, con mais de 2.000 exemplares vendidos. Neste libro conta a historia de Ramona Órbita, «unha muller la-

brega da Serra do Courel que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, coa que viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas». Agora, con este terceiro libro en solitario que acaba de sacar, continúa narrando a historia de Ramona, inspirada na súa propia bisavoa do mesmo nome.



Stiletto
Barbara Torres

Vestimos a la mujer y al hombre actual
de pies a cabeza

Ropa, calzado, bolsos y complementos.

Calle Alcalde Lorenzo nº 7 Bajo,
Bertamirans / 629 759 748

**EMPEZAMOS
REBAJAS**

hasta el **50%**
de descuento



Dioivo lanza novo álbum, no que levan ao metal poemas de Darío Xohán Cabana ou Delgado Gurriarán



Darío Xohán Cabana



Florencio Delgado Gurriarán

O dúo vigués de metal en galego Dioivo vén de lanzar o seu novo álbum *Cara os Ceios Incrementes*, editado polo selo discográfico grego Sleaszy Rider Records. Como é habitual no grupo, o traballo inclúe diversas adaptacións de coñecidas obras da literatura galega, de autores como Darío Xohán Cabana, Florencio Delgado Gurriarán ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Tamén inclúe cancións con letras orixinais, sempre escritas en galego.

O álbum comeza precisamente coa súa adaptación de “Que importa que nos craven as cadeas”, mítico poema de Darío Xohán Cabana incluído no seu libro de 1970 *Verbas a un Irmão*. Os vigueses escolleron este reivindicativo poema escrito durante o franquismo para homenaxear ao autor lugués logo do seu falecemento a finais de

2021. A continuación podemos escoitar “Cabeiros”, do que a banda vén de estrear tamén un videoclip, dirixido polo seu colaborador habitual Brais Gómez Salvador e gravado na finca Villa Solita de Alcabre. Este tema des-

taca no repertorio do grupo polo seu estilo, lento e melódico para o que é habitual

no metal que eles practican. No vídeo, o dúo interpreta a canción entre as ruínas da senlleira casa señorial do século XIX ubicada na parroquia viguesa.

O álbum inclúe tamén “Hai sede na Nova Galicia”, unha musicalización do poema homónimo de Florencio Delgado Gurriarán co que Dioivo quixo sumarse á cele-

bración da obra do poeta valdeorrés homenaxeado no Día das Letras Galegas do pasado ano 2022. O orixinal pertence ao libro de 1963 *Galicia Infinda*, e del colleu o grupo o verso que serve como título deste novo álbum. O álbum propiamente dito ten unha duración de 48 minutos en 8 cancións, pero o lanzamento inclúe tamén 3 temas extra adicionais, cos que a duración elévase aos 67 minutos. O primeiro deles é precisamente outra adaptación dunha obra da literatura galega, *Retorno a Tagén Ata* de Xosé Luís Méndez Ferrín, lanzado previamente polo grupo no 50 aniversario desta célebre e influínte novela de 1971. No tema, Dioivo contan coa colaboración do propio Méndez Ferrín, que narra varios pasaxes da obra sobre a música da banda.





Jacobo Mouriño

Outro tema extra incluído no lanzamento de Cara os Ceios Incrementes é “Unha de guerra”, no que Dioivo versiona esta canción do lendario grupo punk vigués Desvirgheitors coa colaboración da baixista orixinal do grupo, Pili Dios. Desvirgheitors, pioneiros da escena da cidade en estilos como o hardcore punk ou o crossover thrash metal, facían letras en galego nunha época, a finais dos anos 80 e principios dos 90, na que isto non era habitual nesas escenas. Esta versión foi incluída na recompilación Ferro e Pedra: Homenaxe ós Precusores, lanzada polo Día das Letras Galegas 2023 e na que 10 bandas actuais renderon tributo a 10 bandas clásicas xa desaparecidas do rock e o metal de Galicia das últimas catro décadas.

Este novo álbum foi gravado por Dany Soengas, membro de bandas como Atreides ou Lardelúa, no seu estudio DS Audio en Vigo. O deseño do álbum correu a cargo dos arxentinos Core 76 Studio, e foi editado por Sleazy Rider Records, un selo grego fundado en 1999 e especializado en música metal internacional. Xa está dispoñible en CD e mais en todas as plataformas dixitais.

Cara os Ceios Incrementes é o cuarto disco lanzado polo dúo vigués, que xa lanzou previamente dous EPs e mais outro álbum completo, titulados Dioivo I, Dioivo II e Dioivo III. O grupo naceu en 2016, e a súa primeira canción foi tamén unha adaptación dunha obra literaria galega, neste caso o poema “Sempre pola morte esperas” de Rosalía de Castro. Dende os seus inicios, a formación componse de Daniel Valladares Otero na batería e de Jacobo Mouriño Almeida, exmembro da banda de folk metal Mileth, na guitarra e na voz. Daniel e Jacobo teñen percorrido toda Galicia presentando a súa proposta en directo, e foron finalistas nas edicións de 2016, 2017 e 2022 do concurso Xuventude Crea da Xunta de Galicia, facéndose co segundo premio do mesmo nas dúas primeiras. O dúo avanzou que anunciará axiña as datas de presentación do álbum en Galicia, e tamén no resto do Estado, onde teñen tocado en localidades como Segovia ou Amurrio.



Daniel Valladares

Himno do centenario do Celta de Vigo

C. Tangana reúne a Keltoi, Lagharteiras, Xisco Feijóo ou Lilaina en «Oliveira dos cen anos»



Poucas cancións deron ultimamente tanto de que falar en Galicia como «Oliveira dos cen anos», o himno oficial do centenario do Celta de Vigo. Cun músico de fama internacional como é C. Tangana detrás, non podía ser doutro xeito. Pero o madrileño, de ascendencia viguesa e seguidor do Celta dende sempre, comparte mérito musical cunha chea de artistas galegos. Unha das colaboracións máis destacadas do tema é precisamente a de Simeón Cantó Gavira, Sime; o vocalista da banda punk viguesa Keltoi, especialmente célebre polos seus temas adicados ao que é o seu equipo predilecto.

«Oliveira dos cen anos» interpola frases das dúas míticas cancións de Keltoi sobre o Celta, «1923», do álbum *A Nosa Cinza* (2010), e «Unhas cores un sentimento», do álbum *Sons da Rúa* (2016). Por esta razón, a presenza de Sime era obrigada no tema. Estes auténticos himnos da afección supoñen o vencello perfecto entre os clásicos xa asentados de Balaídos que se cantan cada semana e a nova proposta de C. Tangana, que non deixou indiferente a ningún vigués nin a ningún galego. Porque Sime de Keltoi non foi nin moito menos o único artista convidado do

tema, que contou con moitos dos mellores expoñentes da escena da música tradicional e folk do país, e moito máis.

O tema comeza coa viguesa Coral Casablanca, cunha parte inicial que ben podería ser un himno en si mesma. Porén, ao minuto e pico comeza a seguinte parte, iniciada co berro de «Sempre Celta!» do «1923» de Keltoi, que introduce xa ás cantareiras e ás pandereteiras Lagharteiras e Lilaina. Elas poñen o fondo sobre o que sonan as voces de Sime e máis de Tropas de Breogán, peña celtista e antifascista que aparece tamén de xeito notable no

videoclip. Este foi, por certo, dirixido polo propio C Tangana, e rodado, como non, na Ría de Vigo.

Lagharteiras e Lilaina toman definitivamente o protagonismo na seguinte estrofa, a que da nome ao tema e onde a influencia da música tradicional galega xa é absoluta. Porque o himno conta con grandes figuras da nosa música tradicional non só entre os intérpretes, se non tamén entre os compositores do tema, entre os que figuran pesos pesados como Quico Comesaña, membro fundador de Berrogüetto, Xisco Feijóo, ou Xosé Lois Romero, coñecido especialmente polo seu





traballo xunto a Aliboria. E é que a creación de «Oliveira dos cen anos» seguiu un proceso similar ao de boa parte da música tradicional galega feita hoxe en día, pois partiu da inspiración de cantigas tradicionais recollidas nas aldeas.

O propio Celta explica así a xénese do tema: «O himno, gravado en Vigo durante a segunda metade deste mes de marzo, nace despois dunha fase de investigación previa xunto a importantes referentes da cultura galega. As conversacións co escritor Pedro Feijoo e músicos como Rodrigo Romani, un dos fundadores de Milladoiro, ou Alfredo Dourado, membro doutros clásicos do folk galego como A Roda, resultaron vitais á hora de iniciar un proceso que culminaría en Vigo, ao empaparse da vibrante escena folk local guiado polo activista cultural Xisco Feijoo e o equipo docente da ETRAD, a escola municipal de música tradicional da cidade. Unha apaixonante viaxe en busca da verdadeira esencia, que resultará na incorporación de recursos rítmicos e elementos do folclore galego, con arranxos de percusión de Xosé Lois

Romero e a achega das pandeireteiras Lilaina, e textos saídos de vellas cantigas tradicionais».

A canción remata cunha repetición dunha das estrofas da parte coral inicial, pero esta vez en voz dos siareiros, o cal xa deixa adiviñar o enorme potencial do tema para ser convertido en cánticos a pleno pulmón en cada partido en Balaídos. Polo momento, dende que saíu o tema xa se puido escoitar en varias discotecas de Vigo, sendo coreado euforicamente polos asistentes, así que as previsións son, dende logo, prometedoras.

No relativo á produción da canción, cabe destacar que o propio C. Tangana figura como produtor principal. Xunto a el, non aparecen esta vez artistas galegos, senón colaboradores habituais do cantante, como son Alizzz, Harto Rodríguez, e pablopablo, o fillo do cantautor uruguaio Jorge Drexler. E no relativo á gravación, mestura e masterización do tema, resulta destacable que ditos labores estivesen repartidos entre dous estudos, un situado en Vigo e outro na Coruña: Planta Sónica e DisQueSi, respectivamente. Isto

non fai máis que confirmar a vontade galega do himno, que con toda seguridade se converterá nunha das cancións en galego con máis reproducións en Youtube e demais plataformas dixitais de música ata o momento.

O Celta explica deste xeito ás orixes desta peculiar colaboración: «Todo comezou cun simple tweet. Hai dous anos, C. Tangana ofrecíase publicamente en redes sociais ao RC Celta para compoñer o himno do seu centenario. Pero o que moitos pensaron que quedaría en simple anécdota, terminou por converterse en toda unha realidade. Dous anos máis tarde, Pucho cumpre a súa promesa e preséntanos agora «Oliveira Dos Cen Anos», un novo himno oficial co que o club galego celebra neste 2023 os seus 100 anos ao grande. O artista recibiu desde o principio o respaldo absoluto do club para traballar con total liberdade e o resultado é simplemente espectacular».

Fronte á polémica existente co feito de que C. Tangana fose o encargado do himno, centrándose as súas críticas no feito de non ser ga-

lego e no estilo de música que fai e polo que é inmensamente popular, o equipo e os artistas involucrados responderon cun tema na nosa lingua e cheo de tradición celtista e galega. Dende o Celta resumen así as credenciais de Antón Álvarez para realizar o himno: «No persoal e musical, a vinculación de C. Tangana e a cidade de Vigo é calquera cousa menos casual. De pai vigués e celtista de berce, a súa estreita relación artística coa escena hip hop e urbana local foi influíndo no devir da súa música desde os seus inicios. Poida que por iso xurdise de maneira tan natural esta persoal carta de amor ao Club, a Vigo e por extensión a toda Galicia».

No comunicado de prensa do clube indícase tamén que «Oliveira dos cen anos» é «Unha peza da que Pucho desaparece deliberadamente como intérprete, para situarse a cambio á fronte dos labores tanto de composición e produción, apoiado por nomes como Alizzz, pablopablo e Harto Rodríguez, como da parte visual, ao dirixir o espectacular videoclip producido por Little Spain. Así, e sen necesidade de en-

SPRINT MOTOR


A actualidade do motor



toar nin unha soa nota, Pucho convértese en autor total dunha obra que se ve marcada máis que nunca pola súa visión e presenza». De todos xeitos, moita xente está a poñer en dúbida a afirmación de que o artista antes coñecido como Crema non entoase ningunha nota na gravación, xa que a súa voz parece poder escoitarse, máis ou menos de fondo, nalgunha ocasión moi concreta especialmente ao principio do tema.

Se hai algo en «Oliveira dos cen anos» que non causou ningunha polémica, foi o seu espectacular videoclip. «Detrás das cámaras, Pucho redobra a aposta. A súa visión envólvenos nunha increíble colección de postais que nos traslada desde o aire á espectacular paisaxe da ría de Vigo, coa illa de San Simón e o icónico Puente de Rande á fronte. Cunha posta en escena á altura dunha gran produción cinematográfica, a peza pon en imaxes ese encontro entre tradición e modernidade que expón a proposta, sen perder de vista a especial relevancia da muller como eixo central da sociedade galega e a irresistible enerxía da afección celeste». Dado que segundo se anunciou no seu momento, a Ponte de Rande non puido ser pechada para a gravación do videoclip como se pretendía, ficamos pendentes a que saia un making of no que vexamos como conseguiron que esta aparecese cheo ata arriba de siareiros no vídeo.

O Celta conclúe o seu comunicado de prensa afirmando o seguinte: «Co mundo do fútbol inmerso nun cambio de paradigma que parece xa irreversible, o RC Celta chega a este importante aniversario demostrando que soubo adaptarse aos novos tempos. E, conscientes da importancia do momento, desta unión entre un club centenario e un dos artistas máis importantes da música española dos nosos días xurdiu unha das colaboracións máis ambiciosas xamais vistas na historia do fútbol» estatal.



O Festival SonRías de Bueu celebrará o seu 20 aniversario do 3 ao 5 de agosto

O Festival SonRías Baixas celebrará axiña o seu 20 aniversario cunha nova edición, que terá lugar, como é habitual, a principios de agosto, durante os días 3, 4 e 5 na vila de Bueu. O cartel, encabezado por Natos y Waor, La Pegatina e Macaco, aposta de novo por unha proposta musical ecléctica, na que teñen cabida xéneros tan variados como o rock, os sons urbanos, a electrónica, a rumba ou o ska, e que completan máis de vinte artistas. Aos xa citados súmanse Arde Bogotá, Boikot, Dubioza Kolektiv, ETS, La Ganga Calé, LaMontagne & PicoAmperio, Lendakaris Muertos, Lia Kali, María de Juan, Muyayo Rif, Ninodelosrecaos, Queral Lahoz, Samurá, Santa Salut, Tremenda Jauría, 30S40S50S, e unha representación galega formada por Lamatumbá, Cool Nenas, Grande

Amore e Ortega e Pili Pampín. Estes artistas poñen o broche de ouro a esta aliñación para conmemorar o vixésimo aniversario e na que se combinan artistas consagradas con décadas de traxectoria e artistas revelación do panorama recente.

A venda de entradas para o festival promovido pola promotora PlayPlan segue dispoñible na web do festival e a través da web Enterticket. O proceso de compra dos abonos inclúe a opción de engadir a zona de acampada, gratuita, e situada a tan só 150 metros da praia e do propio festival, e que este ano como novidade estará aberta a partir do mércores día 2, a xornada previa a que a música comece a soar en Bueu.



O veterano grupo galego Lamatumbá foi unha das dúas últimas incorporacións ao cartel en maio, e con

este concerto volve aos escenarios para deixar claro que seguen coas mesmas ganas de festa e verbena que en 1998, ano no que comezou a súa carreira musical. A agrupación mestura estilos na súa música estilos como o rock, o pop, o ska, o reagge ou diversos estilos de música latina. Pola súa banda, a outra das últimas incorporacións foi o dúo formado por Ortega e Pili Pampín. Estes uníronse aos artistas galegos xa confirmados Grande Amore, coa súa mestura do música electrónica e pop rock, e Cool Nenas, o trío formado polas xa de por si coñecidas artistas galegas Mariagrep e dani xunto á canaria Kimberly Tell e que promete pinchar unha selección de temas para non parar de bailar.




Cool Nenas




Lamatumbá



Grande Amore



Mundo Prestigio ponnos a bailar con “Personas”



A banda viguesa Mundo Prestigio debuta no selo Ernie Records con “Personas”, un tema co que buscan contaxiar a súa boa onda e que é o primeiro adianto do seu LP debut. A canción certifica ademais o bo momento que atravesa a formación, integrada por Ju, Brais, Fiz e Fer. Xuntos publicaron varios traballos curtos e sinxelos, entre os que podemos atopar colaboracións con Grande Amore, Mariagrep, Ortega e Cibrán de Boyanka Kostova. Ademais, serán a banda que acompañará a Carlan-

gas de Novedades Carminha nos directos de presentación do seu novo disco.

“Personas”, o primeiro sinxelo do próximo traballo da banda, é un tema, en palabras do selo Ernie Records, “festivo e bailable” que é “capaz de arrastrar, dende a primeira escoita, a un movemento corporal involuntario que vai in crescendo conforme avanza a canción; o tema atrápatate ata descubrirete meneando as cadeiras, imposible non deixarse levar”. Personas é “unha enerxía que

logra contaxiar bo rolo, poñerche de bo humor”, cunha “melodía alegre, divertida, elixida como primeiro adianto a modo de celebración, pois nela pode palparse o bo momento que atravesa a formación”, engaden.

Mundo Prestigio procede da formación anterior Jay, que practicaba noise rock, pero co novo nome chegaron as influencias de xéneros como o R&B e o hip hop máis bailable. Neste tema funk atopamos pianos, sintetizadores, potentes liñas de baixo e moitos samplers ao longo

de 4 minutos, sendo unha boa mostra do novo son do grupo. A canción abre cunha locución de Carl Sagan, na súa versión dobrada ao español, da serie documental “Cosmos”; dende Ernie Records explican que “o solemne discurso unicamente é a previa, no xiro está o goce: un tema no que volver de novo á nosa intrascendente pero divertida condición de seres humanos, personas que viven e se divirten, quen necesita máis”. Pode escoitarse nas principais plataformas dixitais.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímo-lo cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímo-la mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com